PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 722 VIII lexislatura 27 de xuño de 2012

Fascículo 4

SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

1. Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxectos e proposicións de lei

1.2.3. Proposicións de lei de iniciativa popular

— Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 25 de xuño de 2012, polo que se admite a trámite a Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía 205833

— Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 25 de xuño de 2012, polo que se admite a trámite a Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular para a aplicación efectiva dos principios de redución, reutilización e reciclaxe de residuos en Galicia 205838

5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

5.2. Procedementos relacionados co Tribunal Constitucional

— Acordo da Mesa do Parlamento, na sesión do 25 de xuño de 2012, acordou admitir a trámite o escrito das deputadas e dos deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia polo que formulan, polo procedemento de urxencia, solicitude para a interposición polo Parlamento de Galicia de recurso de inconstitucionalidade contra o Real decreto lei 14/2012, do 20 de abril, e o Real decreto lei 16/2012, do 20 de abril. [08/RECU-0007 (84780)] 205845

1. Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxectos e proposicións de lei

1.2.3. Proposicións de lei de iniciativa popular

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 25 de xuño de 2012, polo que se admite a trámite a Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía

Visto o informe dos Servizos Xurídicos que determina procédese á tramitación da Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía (doc. núm. 82915).

A Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1.º) Admitir a trámite a proposición de lei.

2.º) Declarar constituída a Comisión promotora cos membros que figuran no escrito de formalización da proposición de lei.

3.º) Notificarlles este acordo á representación da Comisión promotora, á Xunta Electoral de Galicia e ás delegacións provinciais da Oficina do Censo Electoral, para os efectos previstos nos artigos 7 e 8 da Lei 1/1988, do 19 de xaneiro, de iniciativa lexislativa popular ante o Parlamento de Galicia.

4.º) Dispoñer a publicación deste acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.*

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2012
Pilar Rojo Noguera
Presidenta

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 25 de xuño de 2012, polo que se admite a trámite a Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular para a aplicación efectiva dos principios de redución, reutilización e reciclaxe de residuos en Galicia

Visto o informe dos Servizos Xurídicos que determina que procede a tramitación da proposición de lei de iniciativa lexislativa popular para a aplicación efectiva dos principios de redución, reutilización e reciclaxe de residuos en Galicia (doc. núm. 83575).

A Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1.º) Admitir a trámite a proposición de lei.

2.º) Declarar constituída a Comisión promotora cos membros que figuran no escrito de formalización da proposición de lei.

3.º) Notificarlles este acordo á representación da Comisión promotora, á Xunta Electoral de Galicia e ás delegacións provinciais da Oficina do Censo Electoral, para os efectos previstos nos artigos 7 e 8 da Lei 1/1988, do 19 de xaneiro, de iniciativa lexislativa popular ante o Parlamento de Galicia.

4.º) Dispoñer a publicación deste acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.*

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2012
Pilar Rojo Noguera
Presidenta

5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

5.2. Procedementos relacionados co Tribunal Constitucional

Acordo da Mesa do Parlamento, na sesión do 25 de xuño de 2012, acordou admitir a trámite o escrito das deputadas e dos deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia polo que formulan, polo procedemento de urxencia, solicitude para a interposición polo Parlamento de Galicia de recurso de inconstitucionalidade contra o Real decreto lei 14/2012, do 20 de abril, e o Real decreto lei 16/2012, do 20 de abril. [08/RECU-0007 (84780)]

No Rexistro do Parlamento de Galicia tivo entrada, co núm. 84780 o escrito das deputadas e dos deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia polo que formulan, polo procedemento de urxencia, solicitude para a interposición polo Parlamento de Galicia de recurso de inconstitucionalidade contra o Real decreto lei 14/2012, do 20 de abril, e o Real decreto lei 16/2012, do 20 de abril. [08/RECU-0007 (84780)].

A Mesa, por unanimidade, acorda a admisión a trámite da solicitude, o traslado á Xunta de Portavoces e aos portavoces dos grupos parlamentariose, e a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.*

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2012
Pilar Rojo Noguera
Presidenta

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
16 MAI. 2012
Núm. 8295

PROPOSTA DE LEI, POR INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR, «VALENTÍN PAZ-ANDRADE» PARA O APROVEITAMENTO DA LÍNGUA PORTUGUESA E VÍNCULOS COA LUSOFONIA

PROPOSTA DE LEI, POR INICIATIVA LEGISLATIVA POPULAR, «VALENTÍN PAZ-ANDRADE» PARA O APROVEITAMENTO DA LÍNGUA PORTUGUESA E VÍNCULOS COM A LUSOFONIA

À MESA DO PARLAMENTO DA GALIZA

- **ISAAC ALONSO ESTRAVIS**, 34464681-D
- **ANA MARIA CABANAS GÓMEZ**, 34935803-E
- **COMBA CAMPOY GARCÍA**, 44821671-F
- **MARIA JOSÉ CASTELO LESTÓN**, 78797264-T
- **DANIEL CERQUEIRO GARCÍA**, 34891691-R
- **DANIEL COUSO SANTAMARIA**, 47364732-G
- **XOAN EVANS PIN**, 33300528-R
- **PALOMA FERNÁNDEZ DE CÓRDOBA CANCELA**, 35298550-J
- **IOLANDA MATO CREO**, 76779120-Z
- **ADRIAN MORÁN GARCÍA**, 53190747-G
- **XOSÉ CARLOS MORELL GONZÁLEZ**, 36088352-H
- **FRANCISCO MANUEL PARADELO RODRÍGUEZ**, 34956671-Y
- **JOSÉ PAZ RODRIGUEZ**, 34576461-D
- **ANDRÉS JOSÉ PENA GRAÑA**, 32619807-B
- **JOSÉ CARLOS QUIROGA DÍAZ**, 34251593-Q
- **MARIA MANUELA RIBEIRO CASCUDO**, 32640709-Y
- **JESÚS RODRÍGUEZ REQUENA**, 25139515-D
- **IOLANDA RODRÍGUEZ ALDREY**, 33274305-K
- **LUCÍA RODRÍGUEZ CAO**, 76970568-X
- **VALENTIM FAGIM RODRIGUES**, 36112105-N
- **MARÍA CONCEPCIÓN RODRÍGUEZ PÉREZ**, 34943047-K
- **XURXO MANUEL SOUTO EIROA**, 76355941-N
- **XOSÉ TUBÍO RODRÍGUEZ**, 44825110-L
- **XURXO LOIS VALCARCEL GIL**, 36062977-N
- **IRENE VEIGA DURÁN**, 34961515-C
- **NOEMI VÁZQUEZ NOGUEIRAS**, 44480106-S

Todas maiores de idade, coa condición política de galegas, constando no censo electoral e declarando sob xuramento non estaren incursas das causas de inelixibilidade ou incompatibilidade aplicábeis e previstas no artigo 5º da Lei 8/1985, de 13 de agosto, con domicilio para efectos de notificación na Rúa Paço de Rianxinho, n.º 30, Baixo-A, Rianxo 15920, e teléfono 622312831; comparecen xunto da Mesa do Parlamento da Galiza en calidade de **COMISIÓN PROMOTORA** da presente iniciativa lexislativa popular, que asinan, e **EXPONEN**:

Todas maiores de idade, com a condição política de galegas, constando no censo eleitoral e declarando sob juramento não estarem incursas das causas de ineligibilidade ou incompatibilidade aplicáveis e previstas no artigo 5º da Lei 8/1985, de 13 de agosto, com domicílio para efeitos de notificações na Rua Paço de Rianxinho, n.º 30, rés-do-chão A, Rianxo 15920, e telefone 622312831; *comparecem junto da Mesa do Parlamento da Galiza em qualidade de* ***COMISSÃO PROMOTORA*** *da presente iniciativa legislativa popular, que assinam, e* ***EXPÕEM***:

Que conforme as disposicións do Art. 4º da Lei 1/1988, de 19 de xaneiro, presentan escrito de promoción de unha Iniciativa Lexislativa Popular, cuxo texto articulado, precedido de unha exposición de motivos, se facilita a seguir.

Que conforme as disposições do Art. 4º da Lei 1/1988, de 19 de janeiro, apresentam escrito de promoção de uma Iniciativa Legislativa Popular, cujo texto articulado, precedido de uma exposição de motivos, se facilita a seguir.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL DE ENTRADA
17 MAIO 2021
82915

Razóns para a súa tramitación e aprobación

A tramitación da presente proposta de lei resulta pertinente no contexto da atribución do Dia das Letras Galegas ao escritor, xurista e empresario Valentín Paz-Andrade, considerando-se oportuno dinamizar e traer para o ámbito lexislativo o pensamento e traballo dese galego ilustre en relación ao potencial da nosa lingua. Cabe lembrar que, para alén ser un dos principais impulsores da industria pesqueira moderna galega, foi tamén vicepresidente da *Comissão Galega do Acordo Ortográfico da Língua Portuguesa*, xuntamente con Jenaro Marinhas del Valhe, que posibilitou a participación da Galiza nas reunións para o acordo ortográfico da lingua portuguesa que decorreran no Rio de Janeiro (1986) e Lisboa (1990).

No seu artigo "A evolución trans-continental da lingua galaico-portuguesa" de 1968, Paz-Andrade cuestionara e respondía afirmativamente à pregunta "¿O galego ha de seguir mantendo unha liña autónoma na súa evolución como idioma, ou ha de pender a mais estreita similaridade co-a lingua falada, e sobre todo escrita, de Portugal e-o Brasil?". Consciente do potencial "transcontinental" da nosa lingua non só para a súa consolidación como tamén para favorecer a potencialidade económica da Galiza, cualificouna "*de una lengua con la cual pueden entenderse millones y millones de personas, aunque lo hablen con distinto acento o escriban de forma diferente cierto número de vocablos*" (en Galicia como Tarea, 1959). Ese potencial global é aínda máis evidente e relevante no momento actual, onde a crise económica en que está a Galiza contrasta co auxe de novas potencias como o Brasil na América, Angola na África ou a China, co enclave de Macau, na Ásia. Por ese motivo, mostra-se extremamente aconsellábel proceder coa aprobación da presente proposta de Lei.

Un estudo recente da BES Research sobre «Economia Portuguesa e a Lusofonia» revelou que o potencial económico da lingua portuguesa alcanza xa 4,6% do PIB mundial e 2% do Comercio Internacional planetario, movimentado por 3,6% da poboación mundial: 254 millóns de persoas. Tendo en consideración os países e territorios de lingua oficial portuguesa (Angola, Brasil, Cabo Verde, Guine-Bissau, Mozambique, Portugal, São Tomé e Príncipe, Timor Leste, Guinea-Ecuatorial e Macau), a Lingua Portuguesa representa un PIB conxunto de 2.857 mil millóns de euros e un valor de 441.9 mil millóns de euros no comercio internacional mundial. Isto sen ter en conta a presenza global de

Razões para a sua tramitação e aprovação

A tramitação da presente proposta de lei resulta pertinente no contexto da atribuição do Dia das Letras Galegas ao escritor, jurista e empresário Valentín Paz-Andrade, considerando-se oportuno dinamizar e trazer para o âmbito legislativo o pensamento e trabalho desse galego ilustre em relação ao potencial da nossa língua. Cabe lembrar que, para além ser um dos principais impulsores da indústria pesqueira moderna galega, foi também vice-presidente da Comissão Galega do Acordo Ortográfico da Língua Portuguesa, juntamente com Jenaro Marinhas del Valhe, que possibilitou a participação da Galiza nas reuniões para o acordo ortográfico da língua portuguesa que decorreram no Rio de Janeiro (1986) e Lisboa (1990).

No seu artigo "A evolución trans-continental da lingua galaico-portuguesa" de 1968, Paz-Andrade questionava e respondia afirmativamente à pergunta "¿O galego ha de seguir mantendo unha liña autónoma na sua evolución como idioma, ou ha de pender a mais estreita similaridade co-a lingua falada, e sobre todo escrita, de Portugal e-o Brasil?". *Consciente do potencial "transcontinental" da nossa língua não só para a sua consolidação como também para favorecer a potencialidade económica da Galiza, qualificou-a* "de una lengua con la cual pueden entenderse millones y millones de personas, aunque lo hablen con distinto acento o escriban de forma diferente cierto número de vocablos" *(em* Galicia como tarea, *1959). Esse potencial global é ainda mais evidente e relevante no momento atual, onde a crise económica em que está a Galiza contrasta com o auge de novas potências como o Brasil na América, Angola na África ou a China, com o enclave de Macau, na Ásia. Por esse motivo, mostra-se extremamente aconselhável proceder com a aprovação da presente proposta de Lei.*

Um estudo recente da BES Research sobre «Economia Portuguesa e a Lusofonia» revelou que o potencial económico da língua portuguesa alcança já 4,6% do PIB mundial e 2% do Comércio Internacional planetário, movimentando por 3,6% da população mundial: 254 milhões de pessoas. Tendo em consideração os países e territórios de língua oficial portuguesa (Angola, Brasil, Cabo Verde, Guiné-Bissau, Moçambique, Portugal, São Tomé e Príncipe, Timor Leste, Guiné-Equatorial e Macau), a Língua Portuguesa representa um PIB conjunto de 2.857 mil milhões de euros e um valor de 441.9 mil milhões de euros no comércio internacional mundial. Isto sem ter em conta a presença global de importantes

REXISTRO XERAL ENTRADA
16 MAI. 2012
82915

importantes comunidades de emigrantes de países e territorios de lingua portuguesa e dos seus descendentes. Contabilizando apenas a diáspora portuguesa de aproximadamente 5 millóns de persoas (a que há que acrecentar a dos outros países lusófonos), o mesmo estudo da BES indica que esta movimenta un PIB de 133 mil millóns (1.9% do PIB mundial).

É coñecido que a economía do Brasil é a quinta maior do mundo e a primeira de toda a América Latina, respondendo por 3/5 partes de toda a produción industrial da América do Sul. Co actual ritmo de crecemento o seu potencial para as próximas décadas é globalmente recoñecido. Tamén os Países Africanos de Lingua Portuguesa, e en particular Angola, mantén algunhas das economías que crecen de forma mais pronunciada nos últimos anos, en boa medida dada a súa abundancia de recursos fóseis. A vantaxe competitiva que para as xentes da Galiza representa a lingua non se limita à potencialidade de estabelecer novas relacións comerciais ou culturais directas, mais en acadar un estatuto de mediador entre bloques xeográficos e lingüísticos.

Se potenciar as súas capacidades lingüísticas en relazón ao mundo de lingua portuguesa, a Galiza pode aproveitar un potencial que multiplicaría varias veces o noso Produto Interno Bruto, abrindo as portas para un universo en expansión que partilla as nosas raíces culturais e lingüísticas e onde podemos estar presentes por dereito propio.

comunidades de emigrantes de países e territórios de língua portuguesa e dos seus descendentes. Contabilizando apenas a diáspora portuguesa de aproximadamente 5 milhões de pessoas (a que há que acrescentar a dos outros países lusófonos), o mesmo estudo da BES indica que esta movimenta um PIB de 133 mil milhões (1.9% do PIB mundial).

É conhecido que a economia do Brasil é a quinta maior do mundo e a primeira de toda a América Latina, respondendo por 3/5 partes de toda a produção industrial da América do Sul. Com o atual ritmo de crescimento o seu potencial para as próximas décadas é globalmente reconhecido. Também os Países Africanos de Língua Portuguesa, e em particular Angola, mantêm algumas das economias que crescem de forma mais pronunciada nos últimos anos, em boa medida dada a sua abundância de recursos fósseis. A vantagem competitiva que para as gentes da Galiza representa a língua não se limita à potencialidade de estabelecer novas relações comerciais ou culturais diretas, mas em alcançar um estatuto de mediador entre blocos geográficos e linguísticos.

Se potenciar as suas capacidades linguísticas em relação ao mundo de língua portuguesa, a Galiza pode aproveitar um potencial que multiplicaria várias vezes o nosso Produto Interno Bruto, abrindo as portas para um universo em expansão que partilha as nossas raízes culturais e linguísticas e onde podemos estar presentes por direito próprio.

TEXTO

Exposición de motivos.

No actual mundo globalizado, os organismos galegos, comprometidos co aproveitamento das potencialidades da Galiza, deben valorizar o galego como unha lingua con utilidade internacional, algo que indicara en seu devido tempo o autor a que é dedicado o Dia das Letras 2012, que chegou a exercer como vicepresidente da Comissão Galega do Acordo Ortográfico da Língua Portuguesa.

O portugués, nacido na vella Gallaecia, é idioma de traballo de vinte organizacións internacionais, incluída a UE, así como lingua oficial de nove países e do territorio de Macau, na China. Entre eles figuran potencias económicas como o Brasil e outras economías emerxentes. É aínda a lingua mais falada no conxunto do Hemisferio Sul.

Exposição de motivos.

No atual mundo globalizado, os organismos galegos, comprometidos com o aproveitamento das potencialidades da Galiza, devem valorizar o galego como uma língua com utilidade internacional, algo que indicara em seu devido tempo o autor a que é dedicado o Dia das Letras 2012, que chegou a exercer como vice-presidente da Comissão Galega do Acordo Ortográfico da Língua Portuguesa.

O português, nascido na velha Gallaecia, é idioma de trabalho de vinte organizações internacionais, incluída a UE, assim como língua oficial de nove países e do território de Macau, na China. Entre eles figuram potências económicas como o Brasil e outras economias emergentes. É ainda a língua mais falada no conjunto do Hemisfério Sul.

É preciso que as nosas empresas e organismos públicos aproveiten a nosa vantaxe lingüística, un valor que evidencia a importancia mundial da Lingua e o crecente papel de bloques como a Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa.

A nosa lingua outorga unha valiosa vantaxe competitiva à cidadanía galega en todas as vertentes, nomeadamente a económica, desde que dispoñamos dos elementos formativos e comunicativos para nos desenvolver con naturalidade no seu modelo internacional.

Portanto, para a mellora do desenvolvemento social, económico e cultural galego, as autoridades deben promover cantas medidas foren necesarias para mellor valorizar esta vantaxe, especialmente en momentos de crise.

Título Único.

Artigo 1. O Goberno galego incorporará progresivamente, no prazo de catro anos, a aprendizaxe da lingua portuguesa en todos os niveis de ensino regrado. O dominio do portugués terá especial recoñecemento para o aceso à función pública e concursos de méritos.

Artigo 2. O relacionamento a todos os niveis con os países de lingua oficial portuguesa constituirá un obxetivo estratéxico do Goberno galego. De maneira especial fomentar-se-á a participación das institucións en foros lusófonos de todo o tipo —económico, cultural, ambiental, deportivo, etc.—, ben como a organización na Comunidade Autónoma Galega de eventos con presenza de entidades e persoas de territorios que teñan o portugués como lingua oficial.

Artigo 3. Para un mellor cumprimento dos fins dos artigos anteriores, e conforme a Carta Europea das Linguas e a Directiva 89/552/CEE, o Goberno galego tomará cantas medidas foren necesarias para lograr a recepción aberta en territorio galego das televisións e radios portuguesas mediante Televisión Dixital Terrestre.

Disposición final.

A presente Lei debe entrar en vigor no dia seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

É preciso que as nossas empresas e organismos públicos aproveitem a nossa vantagem linguística, um valor que evidencia a importância mundial da Língua e o crescente papel de blocos como a Comunidade dos Países de Língua Portuguesa.

A nossa língua outorga uma valiosa vantagem competitiva à cidadania galega em todas as vertentes, nomeadamente a económica, desde que disponhamos dos elementos formativos e comunicativos para nos desenvolver com naturalidade no seu modelo internacional.

Portanto, para a melhora do desenvolvimento social, económico e cultural galego, as autoridades devem promover quantas medidas forem necessárias para melhor valorizar esta vantagem, especialmente em momentos de crise.

Título Único.

Artigo 1. *O Governo galego incorporará progressivamente, no prazo de quatro anos, a aprendizagem da língua portuguesa em todos os níveis de ensino regrado. O domínio do português terá especial reconhecimento para o acesso à função pública e concursos de méritos.*

Artigo 2. *O relacionamento a todos os níveis com os países de língua oficial portuguesa constituirá um objetivo estratégico do Governo galego. De maneira especial fomentar-se-á a participação das instituições em foros lusófonos de todo o tipo —económico, cultural, ambiental, desportivo, etc.—, bem como a organização na Comunidade Autónoma Galega de eventos com presença de entidades e pessoas de territórios que tenham o português como língua oficial.*

Artigo 3. *Para um melhor cumprimento dos fins dos artigos anteriores, e conforme a Carta Europeia das Línguas e a Diretiva 89/552/CEE, o Governo galego tomará quantas medidas forem necessárias para lograr a recepção aberta em território galego das televisões e rádios portuguesas mediante Televisão Digital Terrestre.*

Disposição final.

A presente Lei deve entrar em vigor no dia seguinte ao da sua publicação no Diario Oficial de Galicia.

REGISTO XERAL ENTRADA
16 MAI. 2012
Núm. 8 2945

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data: 16/05/2012
Núm. 8515

Considerando o anterior, as persoas que integran a Comisión Promotora,

SOLICITAN

À Mesa do Parlamento que considere presentando este escrito de promoción de iniciativa lexislativa popular, dándolle seguimento, para, unha vez cumpridos os tramites legais, incluída a recolla e prestación de un mínimo de 15.000 sinaturas debidamente autenticadas de cidadáns galegos e galegas, publique a presente proposición de lei conforme o Artigo 123º do Regulamento da Cámara para ser tomada en consideración no Pleno e subsecuente tramitación parlamentar.

En Santiago de Compostela, 16 de maio de 2012.

Sinaturas da Comisión Promotora


Considerando o anterior, as pessoas que integram a Comissão Promotora,

SOLICITAM

À Mesa do Parlamento que considere apresentando este escrito de promoção de iniciativa legislativa popular, dando-lhe seguimento, para, uma vez cumpridos os trâmites legais, incluída a recolha e prestação de um mínimo de 15.000 assinaturas devidamente autenticadas de cidadãos galegos e galegas, publique a presente proposição de lei conforme o Artigo 123º do Regulamento da Câmara para ser tomada em consideração no Pleno e subsequente tramitação parlamentar.

Em Santiago de Compostela, 16 de maio de 2012.

Assinaturas da Comissão Promotora



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
- 4 XUÑ. 2012
Núm. 93575

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA

De: Comisión Promotora da ILP "PARA A APLICACIÓN EFECTIVA DOS PRINCIPIOS DE REDUCION, REUTILIZACIÓN E RECICLAXE DE RESIDUOS EN GALICIA"

Asunto: Achega da documentación da Iniciativa Lexislativa Popular "PARA A APLICACIÓN EFECTIVA DOS PRINCIPIOS DE REDUCION, REUTILIZACIÓN E RECICLAXE DE RESIDUOS EN GALICIA"

Saúdos,

Pola presente achegámoslles, consonte a Lei 1/1988 do 19 de xaneiro, de Iniciativa Lexislativa Popular, a documentación precisa para a admisión a trámite da Iniciativa Lexislativa Popular "PARA A APLICACIÓN EFECTIVA DOS PRINCIPIOS DE REDUCION, REUTILIZACIÓN E RECICLAXE DE RESIDUOS EN GALICIA". Esta documentación consta de:

- Texto articulado da Iniciativa Lexislativa Popular.

- Documento xustificativo da Iniciativa Lexislativa Popular.

- Relación de membros da Comisión Promotora, declaracións xuradas e DNIs.

Asemade, comunicámoslles que o enderezo para cursar as notificacións relativas á tramitación desta ILP é o seguinte:

ADEGA
Travesa dos Basquiños 9, baixo
15704 Santiago de Compostela

Compostela, 1 de xuño de 2012,

A Comisión Promotora,

Manuel Igrexas — Xosé Manuel López — Ricardo Paz — Miguel Ángel Docasar

Támara García — Virginia Rodríguez — María Rodríguez — Fins Eirexas

Anxo R. Pérez — Manuel Soto — María Durán — Xurxo Álvarez

Xosé A. Pereira — Víctor Manuel Gil — Isidro Peleteiro — Celestino Quintela

Anxo M. Fernández — Florentino Pérez — Silvia Fernández

SRA. PRESIDENTA DO PARLAMENTO DE GALICIA

INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR

PROPOSICIÓN DE LEI PARA A APLICACIÓN EFECTIVA DOS PRINCIPIOS DE REDUCION, REUTILIZACIÓN E RECICLAXE DE RESIDUOS EN GALICIA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O dereito de todas e todos a gozar dun ambiente saudábel, xunto ao deber de conservalo, foi recoñecido pola Constitución Española. No marco da mesma e da lexislación básica vixente, e de acordo co Estatuto de Autonomía, Galicia ostenta a competencia exclusiva para aprobar normas adicionais e máis esixentes para a protección ambiental.

Así, a Lei 10/2008 de residuos de Galicia estableceu como obxectivo prioritario o fomento da alternativa dos 3Rs (por esta orde, redución, reutilización e reciclaxe). A Directiva europea 2008/98/CE sobre os residuos, trasposta ao dereito estatal pola Lei 22/2011, formulou o obxectivo de transformar a actual sociedade nunha "sociedade do reciclado", avanzando na adopción real das alternativas do 3Rs e contribuír á loita contra o cambio climático.

A Xunta de Galicia aprobou en xaneiro de 2011 o Plano de xestión de residuos urbanos de Galicia (PXRUG) 2010-2020. Este plan cumpre só na teoría cos obxectivos das referidas leis, xa que destina á prevención de residuos só o 2,2% do orzamento total, fronte ao obxectivo de redución do 10% dos residuos xerados. A suma de todos os investimentos dedicados no PXRUG á prevención, información, educación ambiental, recollida selectiva e outras medidas de reutilización e reciclaxe atinxe o 18,1% do total, fronte ao obxectivo mínimo do 50% de reutilización e reciclaxe. Pola contra, o 48% dos investimentos destínanse a unha nova planta de eliminación por incineración.
Todas estas previsións do PXRUG 2010-2020 son contrarias aos obxectivos teóricos das mencionadas leis. Estas din que a prevención, a reutilización e a reciclaxe son prioritarias, mais permiten que os plans de xestión destinen os recursos económicos e humanos á incineración e ao vertido.

Transcorridos máis de tres anos de vixencia da Lei e da Directiva de 2008, non se adoptaron aínda medidas efectivas de prevención, recollida selectiva, reciclaxe e compostaxe. Mentres, a Xunta está a favorecer outras opcións menos prioritarias e altamente impactantes, como os continuos recrecementos do vertedoiro da Areosa e a instalación dunha nova incineradora no sur de Galicia, incompatíbel co obxectivo de redución do 10% e reutilización e reciclado do 50% dos residuos domésticos.

En conclusión, faise necesario clarificar e darlle forza xurídica á xerarquía que establece a prioridade dos 3Rs, xa presente na normativa actual, para que sexa realmente de obrigado cumprimento. É nesa liña que a presente Lei establece unha serie de medidas para a aplicación deses principios, excluindo a incineración como opción principal para o tratamento dos residuos en Galicia.

Tense en conta ademais que a incineración de residuos segue a ser unha actividade altamente contaminante. Non só destrúe materias primas valiosas e imprescindíbeis para acadar unha "sociedade do reciclado", senón que emprega a atmosfera como vertedoiro para gases ácidos, metais pesados, dioxinas e dióxido de carbono. Contaminantes que finalmente acaban caendo de novo sobre os solos, os cultivos e as augas das comarcas próximas ás incineradoras.

Tense en conta a reducida eficiencia enerxética da incineración en SOGAMA, con valores inferiores ao establecido pola Directiva 2008/98/CE para que se poida considerar como operación de valorización. E tense en conta tamén que a incineración preséntase como a alternativa máis custosa, pero a que menos emprego permite crear (entre 5 e 10 veces menos que a reciclaxe), algo que diante da actual crise debe terse moi en conta.

En virtude do exposto,

CAPÍTULO I. DAS PRIORIDADES NA XESTIÓN DOS RESIDUOS

Artigo 1.

1. A Xunta de Galicia modificará no prazo máximo de un ano a partir da entrada en vigor da presente Lei o PXRUG para adaptalo a esta e incoporar a recente normativa europea e estatal, particularmente no tocante á xerarquía de residuos, de xeito que recolla a seguinte orde de prioridades: a) Prevención; b) Preparación para a reutilización; c) Preparación para a reciclaxe, incluída a compostaxe; d) Eliminación.

2. Os orzamentos, medios económicos e humanos, así como a programación temporal das actuacións previstas polo PXRUG axustaranse á orde de prioridades indicada no punto 1 deste artigo e á importancia cuantitativa e cualitativa dos obxectivos en cada opción da xerarquía. Os orzamentos destinados á redución non serán inferiores ao 15% e os destinados á preparación para a reutilización e a reciclaxe non serán inferiores ao 60% do total.

3. Exclúese a incineración (con ou sen recuperación de enerxía) das actuacións a promover pola Xunta de Galicia para o tratamento dos residuos urbanos, pola súa baixa eficiencia enerxética e o elevado risco de contaminación que produce.

CAPÍTULO II. DAS ACTUACIÓNS DO PXRUG

Artigo 2.

1. O PXRUG terá unha vixencia de 6 anos, e nese horizonte deberanse acadar os seguintes obxectivos: a) Estabilizacion na xeracion aos niveis de 2008 e redución dun 10% da xeración da cantidade total de lixo xerado; b) Recollida separada bruta con calidade para reutilización e reciclaxe (compostaxe de calidade no caso da fracción orgánica húmida) do 60% de cada unha das fraccións de vidro, papel/cartón, plásticos, envases metálicos e mixtos, e materia orgánica; c) Reutilización e reciclaxe efectiva de máis do 50% da fracción orgánica húmida, e de máis do 50% do conxunto das restantes fraccións.

2. Nos 2 primeiros anos de vixencia do PXRUG dende a súa modificación por esta lei implantaranse modelos de recollida separada eficientes para acadar os obxectivos anteriores, e en particular, a recollida porta-a-porta en ámbitos urbanos de menos de 10.000 habitantes e sistemas mixtos de separación húmido-seco universal máis illas de dous contedores monomaterial para o vidro e o papel. Opcionalmente, estas illas poderían estar formadas por tres contedores para vidro, papel e envases.

3. Para fomentar a prevención e promover a reutilización e o reciclado de alta calidade, estableceranse sistemas de depósito, devolución e retorno (SDDR) cando menos para os seguintes materiais: Envases usados ou residuos de envases usados de vidro, plástico,

metal e briks procedentes do consumo doméstico ou de calquera outro usuario final, coa fin de dirixilos cara as alternativas de xestión máis axeitadas.

4. Implantarase a compostaxe doméstica como modelo prioritario, especialmente nos ámbitos de poboación dispersa, así como a compostaxe comunitaria en pequenos núcleos, barrios e espazos urbanos.

5. A instalación de plantas de reciclaxe e compostaxe comarcalizadas deberase programar para acadar os obxectivos e prazos fixados nesta Lei. En todo caso, as primeiras plantas estarán en operación no prazo de 2 anos dende a entrada en vigor desta Lei. A comarcalización realizarase de tal forma que ningunha das novas plantas de reciclaxe e compostaxe teña unha capacidade total de máis de 100.000 habitantes equivalentes (ou 40.000 t/ano).

Artigo 3. A eliminación final dos residuos non recuperados realizarase mediante métodos que non poñan en perigo a saúde das persoas e non causen emisións con impacto ambiental nin aumenten a perigosidade dos residuos. Para isto, e consonte ao artigo 1.3 desta Lei queda desbotada a incineración como principal sistema para o tratamento dos residuos e só se poderán depositar en vertedoiro residuos estabilizados e non biodegradábeis.

CAPÍTULO III. DO CANON DE INCINERACIÓN E ELIMINACIÓN RESIDUOS

Artigo 4. A Xunta de Galicia desenvolverá os instrumentos económicos necesarios para acadar os obxectivos desta Lei, de acordo coa normativa básica en vigor. En particular, establecerase mediante decreto un canon a satisfacer polas entidades xestoras de vertedoiros, incineradoras e outras instalacións de eliminación, que non será inferior a 25 euros por Tm de material entrante. Os ingresos recadados por este canon destinaranse á financiar parte dos custos das actuacións en prevención, preparación para a reutilización, reciclaxe e compostaxe.

DISPOSICIÓN PARTICULAR

Única. Revisarase o modelo de recollida selectiva de envases do actual ámbito SOGAMA e substituirase por outro máis eficiente e concordante co indicado nos artigos 2.2 e 2.3.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Única. Quedan derrogados aqueles aspectos da Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia que se opoñan aos contidos da presente Lei.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Lei entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación do Diario Oficial de Galicia.

AS RAZÓNS DUNHA ILP PARA A APLICACIÓN EFECTIVA DOS PRINCIPIOS DE REDUCION, REUTILIZACIÓN E RECICLAXE DE RESIDUOS EN GALICIA

Análise da realidade galega: como están a funcionar os 4 modelos de xestión de RSU no noso país? Un cambio de rumbo é imprescindible.

En Galiza, arestora coexisten catro modelos de xestión de residuos. Un deles, maioritario (79% da poboación e 77% dos residuos[1]) e baseado na incineración nunha única planta de tratamento e promovido a nivel autonómico (o modelo SOGAMA). Outros dous, de ámbito comarcal (Coruña e Consorcio As Mariñas e Mancomunidade Serra do Barbanza) e baseados na xestión da materia orgánica a través da compostaxe aerobia (Barbanza) ou compostaxe + biometanización (caso de Coruña). O cuarto modelo, que non supón ningún tratamento, constitúeno unha serie de concellos que seguen a enviar os seus residuos a vertedoiros municipais, existindo algunha recuperación de certas fraccións (vidro, papel/cartón, envases) (ver fig. 1).




Fig. 1: Concellos adheridos a cada modelo de xestión. Fonte, borrador do PXRUG 2010-2020.

[1] Dato tomado do borrador do Plano de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia (PXRUG) 2007-2017. Consellaría de Medio Ambiente. Xunta de Galicia.

Logo de máis dunha década da *guerra do lixo* entre administración autonómica e administracións locais, e logo de anos de funcionamento dos modelos de incineración e compostaxe, queremos facer unha comparativa dos seus resultados.

[redacted]		[redacted]	[redacted]	
Modelo SOGAMA	%	6,81%	93,19%	3,94
Modelo Vertedoiro	%	5,82%	94,18%	---
Modelo A Coruña-As Mariñas	%	58,96%	41,04%	15,50
Modelo Manc. Barbanza	%	64,49%	35,51%	58,10
Total Galicia	%	**16,86%**	**83,14%**	

Tabela 1: *Resumo dos resultados porcentuais dos diferentes modelos de xestión dos res. urbanos en Galiza. Fonte, borrador do PXRUG 2007-2017, Xunta de Galicia. *Datos de Ecoembes para o ano 2010*

De acordo coa tabela 1, vemos que dos 4 modelos, o vixente na Mancomunidade do Barbanza (Planta de Compostaxe comarcal) consegue os mellores resultados, tanto a nivel de porcentaxe de materiais recuperados como redución da porcentaxe de materiais enviados a vertedoiro. Ademais, consegue recuperar case 20 veces máis residuos de envases por habitante que o modelo de incineración.

Constatamos tamén que o Plano SOGAMA ten uns resultados de valorización material porcentualmente similar ao modelo de vertedoiro. Este feito non deixa de ser curioso dado o importante investimento que supuxo a planta de Cerceda (orixinalmente orzamentada en 145 millóns de €, que finalmente quedaron en 169 millóns no ano 1999), e a suba de impostos nos Concellos[2] co obxecto de pagar un tratamento supostamente "recuperador" ou "revalorizador" do lixo. Agora non fican dúbidas sobre cal foi a verdadeira aposta dese modelo e os resultados que pode ter o mantemento en Galiza dun sistema de tratamento de lixo centralizado e baseado nun tratamento finalista como a incineración.

[2] Os concellos aboan a SOGAMA máis de 50 €/tonelada de lixo tratada.

Porén, esta análise de modelos non nos pode desviar do punto máis importante e preocupante, que é incremento sostido e constante da xeración de residuos no noso país, que, até a chegada da crise, mantiña unha taxa media do 4,76% anual[3].

De manterse esta tendencia, estariamos a falar de que a finais desta década a produción de lixo en Galiza atinxiría **case os dous millóns de Toneladas** anuais. Isto suporá non só um problema de xestión e de infraestruturas senón tamén un fracaso ambiental e milleiros de toneladas de materias primas estragadas.

Partindo desta análise da realidade, consideramos que un xiro radical nas políticas de xestión do lixo, é imprescindible e urxente para acadar un modelo sostíbel da xestión dos residuos no noso país. As propostas, que o goberno galego debería considerar para este cambio de rumbo, estarían centradas en 5 puntos básicos:

- Participación real e efectiva da cidadanía
- Verdadeiro apoio á Redución e Reutilización
- Novo esquema de recollida selectiva ("húmido-seco")
- Tratamento específico da materia orgánica (compostaxe)
- Descentralización

Aos que engadimos a **reclamación de que antes do 2020 a clausura da planta incineradora de SOGAMA**, paradigma de insustentabilidade, **sexa unha realidade**.

---

[3] Dato estimado a partir da tabela 5 do borrador do PXRUG 2007-2017. CMA, Xunta de Galicia.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
22 XUÑ. 2012
Núm. 24780

Grupo Parlamentario

PSG PSOE

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Os deputados e as deputadas que subscriben, pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** de acordo co establecido no artigo 10, apartado 1.g) do Estatuto de autonomía de Galicia e en consonancia co recollido nos artigos 164 e 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan, ante esa Mesa, a solicitude, por trámite de urxencia, para a interposición polo Parlamento de Galicia, de recursos de inconstitucionalidade contra o Real decreto lei 14/2012, do 20 de abril, e o Real decreto lei 16/2012, do 20 de abril, publicados no *Boletín Oficial do Estado* do 21 de abril de 2012 e do 24 de abril de 2012, respectivamente.

Entre as primeiras medidas adoptadas polo actual Goberno do Estado figuran os recortes e as medidas restritivas que promulgaron e que afectan o sistema público educativo e o sistema público sanitario, de acordo co reflectido a través do Real decreto lei 14/2012 e o Real decreto lei 16/2012.

Tales normas recollen preceptos que veñen invadir competencias propias da nosa Comunidade Autónoma e rompen con principios básicos como os de igualdade e universalidade dos servizos educativos e sanitarios.

A Xunta de Galicia ten anunciado a súa concordancia con tales normativas legais e a súa posición política contraria á interposición de recursos contra a súa inconstitucionalidade, dando deste xeito mostra inequívoca de antepoñer os seus intereses partidarios e ideolóxicos aos intereses xerais e en defensa das competencias propias recollidas no noso Estatuto de autonomía.

Abunda na non conformidade constitucional de tales normas legais o feito de que diversos gobernos doutras comunidades autónomas teñan anunciado a presentación de recursos de inconstitucionalidade, así como os ditames ou informes coñecidos realizados por outros parlamentos autonómicos ou por órganos consultivos doutras comunidades, nos que se conclúe igualmente na súa inconstitucionalidade.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 · Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
22 XUÑ. 2012
Núm. 4780

Còmpre recordar que entre outros preceptos normativos, o artigo 31 do Estatuto de autonomía de Galicia establece: *"É da competencia plena da Comunidade Autónoma galega o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme ao apartado primeiro do artigo 81 da mesma, o desenvolvan, das facultades que lle atribúe ó Estado o número 30 do apartado 1 do artigo 149 da Constitución e da alta inspección precisa para o seu cumprimento e garantía"*. E igualmente o artigo 33.4. establece que en materia de sanidade: *"A Comunidade Autónoma poderá organizar e administrar para tales fins, e dentro de seu territorio, todos os servizos relacionados coas materias antes expresadas, e exercerá a tutela das institucións, entidades e fundacións en materia de Sanidade e Seguridade Social"*.

Entre as causas que xustifican a vulneración á legalidade constitucional pódense citar, entre outras:

- ✓ Incorren ambos reais decretos leis en inconstitucionalidade, porque nas súas tramitacións non se acreditan as circunstancias de extraordinaria necesidade que xustifiquen a utilización da figura do decreto lei, nin os posibles obstáculos que se producisen no caso de se realizar a modificación normativa polo procedemento previsto para a tramitación parlamentaria das leis, así como por non xustificar debidamente o requisito da urxencia, que impedise a súa aprobación mediante lei ordinaria, polo que cabe concluír que este incumprimento é contrario ao apartado 1 do artigo 86 da Constitución.

- ✓ Os artigos 3 e 4 do Real decreto lei 14/2012, relativo á xornada lectiva e á substitución do profesorado, así como por conexión á disposición derradeira primeira, vulneran as competencias propias de Galicia en materia educativa e do réxime do seu persoal.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
22 XUÑ. 2012
Núm. 84780

Grupo Parlamentario

PSG PSOE

Partido dos Socialistas de Galicia

- ✓ Algúns dos preceptos contidos no Real decreto lei 16/2012 non respectan o disposto no artigo 43.2 da Constitución, que establece unha reserva de lei no que se refire "aos dereitos e deberes de todos" en relación co sistema público sanitario.

- ✓ O artigo 1, apartado u, do Real decreto lei 16/2012, na redacción que realiza ao apartado 3 do artigo 2 da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do sistema nacional de saúde, é contrario aos artigos 14 e 43 da Constitución. Por conexión, tamén o é a disposición transitoria primeira do devandito real decreto lei.

- ✓ Tamén, entre outros, en relación co Real decreto lei 16/2012, vulnera as competencias propias da Comunidade Autónoma de Galicia:

  - o O artigo 1, apartado dous, na parte que ten relación cos apartados 1 e 3 do artigo 3 bis da Lei 16/2003, de cohesión e calidade do sistema nacional de saúde.
  - o O artigo 4, apartado cinco, na parte que afecta aos parágrafos cinco e seis do apartado 1 do artigo 89 da Lei 29/2006, do 26 de xullo, de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios.
  - o O artigo 14, apartado catorce, que afecta a un novo artigo 94 ter da Lei 29/2006, do 26 de xullo, de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios.
  - o O artigo 6, apartado dous.
  - o O artigo 8, apartado dous.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
22 XUÑ. 2012
Núm. 84780

- O artigo 10, apartado catro.
- A disposición final sexta.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialista de Galicia, en defensa das competencias propias e do autogoberno de Galicia, instouse ao Executivo galego e o seu presidente a que avaliase a presentación de tales recursos de inconstitucionalidade, sen que as ditas propostas fosen tidas en conta.

Ante a inacción e deixamento de responsabilidades institucionais amosadas polo presidente da Xunta de Galicia e o seu Goberno, queda pois a vía parlamentaria directa de actuación, de interpoñer recursos de inconstitucionalidade a ambas as dúas normas legais, que facultarían a presidenta do Parlamento de Galicia e os servizos xurídicos da Cámara a levar a cabo as actuacións precisas para o cumprimento deste acordo parlamentario.

A urxencia vén motivada en que tales recursos de inconstitucionalidade deben formularse dentro dos prazos establecidos no artigo 33 da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, e que finalizan os próximos días 21 e 24 do mes de xullo.

Por todo o anterior, o Pleno do Parlamento de Galicia, en consonancia co establecido no artigo 10, apartado 1.g), do Estatuto de autonomía de Galicia, acorda:

1) Interpoñer o recurso de inconstitucionalidade a que se refire o apartado 1.a) do artigo 161 da Constitución, contra o Real decreto lei 14/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo, publicado *no Boletín Oficial do Estado* do 21 de abril de 2012.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 - Fax: 981 551 418 - 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
22 XUÑ. 2012
Núm. 84780

Grupo Parlamentario

PSG PSOE

Partido dos Socialistas de Galicia

2) Interpoñer o recurso de inconstitucionalidade a que se refire o apartado 1.a) do artigo 161 da Constitución, contra o Real decreto lei 16/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes para garantir a sostibilidade do sistema do sistema nacional de saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións, publicado no *Boletín Oficial do Estado* do 24 de abril de 2012.

Pazo do Parlamento, 22 de xuño de 2012

Asinado dixitalmente por:

Manuel Vázquez Fernández na data 22/06/12 10:42:39
Abel Fermín Losada Álvarez na data 22/06/12 10:42:51
María José Caride Estévez na data 22/06/12 10:42:55
Jose Luis Méndez Romeu na data 22/06/12 10:43:03
María Concepción Burgo López na data 22/06/12 10:43:07
Beatriz Sestayo Doce na data 22/06/12 10:43:11
Carmen Gallego Calvar na data 22/06/12 10:43:17
María del Carmen Acuña do Campo na data 22/06/12 10:43:23
Francisco Xulio Cerviño González na data 22/06/12 10:43:32
Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/06/12 10:43:38
Miguel Ángel Fernández López na data 22/06/12 10:44:20
Juan Carlos Francisco Rivera na data 22/06/12 10:44:28
María del Carmen Cajide Hervés na data 22/06/12 10:44:32
José Manuel Gallego Lomba na data 22/06/12 10:44:42
Luis Antonio Gómez Piña na data 22/06/12 10:44:47
José Manuel Lage Tuñas na data 22/06/12 10:44:52
Silvia Belen Fraga Santos na data 22/06/12 10:44:58
Pablo Xabier López Vidal na data 22/06/12 10:45:03
Maria Remedios Quintas Alvarez na data 22/06/12 10:45:12
Maria Dolores Rodriguez Amoroso na data 22/06/12 10:45:19
María Soledad Soneira Tajes na data 22/06/12 10:45:23
Modesto Pose Mesura na data 22/06/12 10:45:30
Ismael Rego González na data 22/06/12 10:45:36
Sonia Verdes Gil na data 22/06/12 10:45:41
Luis María Tojo Ramallo na data 22/06/12 10:45:44

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727